



PLAN DIXITAL

CEIP Amadeo Rodríguez Barroso

[Versión 1.0_ 24 xuño_ 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Ceip Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso *Código Centro: 32008847*
Dirección: Rúa Serra de San Mamede, 8 (Os Rosais) - 32005 - Ourense (Ourense)
Tf: 988 783 044
Correo: ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.gal
Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamadeobarroso>
Ensinanzas: Educación Infantil e Primaria.
Nº Alumnado: 420
Nº Profesorado: 37

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso, é un centro educativo público que se sitúa no barrio Os Rosais, da cidade de Ourense. Conta cun alumnado maioritariamente dun nivel medio en canto recursos económicos e un nivel socio-cultural medio tendendo a elevado.

O profesorado é principalmente definitivo no centro, e o número de docentes provisionais é reducido, e ademais repiten no centro durante varios anos consecutivos.

Ao longo de xa moitos anos o centro está a desenvolver un Plan de Formación en Centro, dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado –PFPP–, cunha liña de formación adicada á formación en TIC. Polo que pódese, dicir que a maioría dos docentes ten unha ampla formación en educación dixital.

Misión

O obxectivo principal do centro é formar ao alumnado como cidadáns responsables e dixitalmente competentes.

“Quérese que o centro acade niveis de desenrolo tecnolóxico que permita ao alumnado cando remata a educación Primaria ser competente para aprender a aprender”.

“Preténdese que sexa un centro dixitalmente competente xa que se asume que a tecnoloxía enriquece o proceso de aprendizaxe e este, é máis eficaz e duradeiro”.

Visión / valores

O proceso de ensino-aprendizaxe empregando Contornas Virtuais de Aprendizaxe (EVA), ademais de ferramentas e dispositivos dixitais, debe de ir acompañado dun cambio metodolóxico que facilite ao alumnado adquirir un coñecemento máis competencial, “saber facer”. Porén, levar a cabo a esta muda metodolóxica supón un gran reto que se asume a través deste Plan Dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital de centro concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

O ano 2020 supuxo un punto de inflexión a nivel de integración das ferramentas tecnolóxicas nas aulas. A era Covid forzou un cambio na metodoloxía educativa, no que a dixitalización nos procesos de ensino-aprendizaxe convértese nunha necesidade para poder seguir avanzando con seguridade no proceso formador dos alumnos e alumnas.

Alén diso , o curso 20/21 foi caracterizado pola incerteza, polo que os centros educativos víronse na obriga de trazar un Plan de Dixitalización de Centro. Promoveuse a actualización do antigo “Plan TIC”, que nos serviu de base para a elaboración durante o curso 21/22, o Plan Dixital de Centro. Un plan que servirá para poder avanzar con seguridade no emprego de ferramentas dixitais; para ser desenvolto a medio prazo; un plan cunhas liñas de traballo que axuden a desenvolver as competencias profesionais docentes, e elaborado, co fin último, de que os alumnos e alumnas acaden competencias dixitais ao rematar a etapa de Educación Primaria.

Ser competente dixital, garante que o alumnado poida aproveitar as oportunidades vindeiras, e fomenta a equidade na educación.

Porén, o desenvolvemento da competencia dixital non se acaba co simple uso de ferramentas senón que hai que promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Para poder alcanzar un boa competencia dixital en educación, as TIC non poden ser introducidas como un fin en si mesmo senón como un medio a través do cal se produza un cambio na metodoloxía no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Dispoñer un plan de dixitalización promoverá a innovación e axudará a sacar o máximo partido ás tecnoloxías da información e comunicación, así como aos recursos educativos dixitais.

Bases legislativas

- Ao abeiro da lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no Art. 121.1. establece que "... proxecto educativo de centro recollerá a ESTRATEXIIA DIXITAL DE CENTRO, de acordo co establecido no art. 111 bis 5." no cal establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.
- RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, establece na disposición adicional quinta o “Plan dixital de centro: os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”.

- Por Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional dítanse instrucións para o deseño e elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Plan dixital de centro foi elaborado polos membros do Equipo de Dinamización do Plan dixital. Para a súa elaboración dentro do PFPP **O2131052**, creouse a liña de formación “ Análise da Competencia Dixital do Centro e elaboración do Plan Dixital”.

O Equipo de dinamización do Plan Dixital foi formado polos seguintes membros:

Berjano Cid Yolanda

Castaño García, Rosa

Fernández Núñez M^a Esther

Lage Lage M^a Teresa

Rodríguez Gómez Guillermo

Rodríguez Gómez Isaura

Alvarez Campos, Miguel Anxo (coordinador)

A metodoloxía empregada foi activa, coa posta en marcha dunha liña do PFPP, cun enfoque esencialmente práctico e cunha única finalidade: a análise da competencia dixital do centro e a elaboración do Plan Dixital de Centro.

Polo que tras a formación no marco competencial dixital a metodoloxía de traballo foi colaborativa, empregando a Aula Virtual do centro e documentos colaborativos a través do Drive.

Alén diso as xuntanzas foron claves para realizar a posta en común, debater o xeito de analizar a competencia dixital do centro e a proposta de obxectivos e accións establecidas no devandito Plan Dixital.

Os materiais que se empregou, foron os ordenadores con conexión a internet, así como a Aula Virtual do centro Ceip Amadeo Barroso, para a creación do curso Plan Dixital e traballar de xeito colaborativo, a través dela e de documentos compartidos a través do Drive.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro educativo a nivel de *infraestrutura dixital* está dotado suficientemente; conta con conexión internet por cable en tódalas aulas e zonas administrativas e por wiffi en todo o recinto escolar.

En canto *o equipamento*, tódalas aulas contan con ordenador con conexión a internet, Pantalla Dixital Interactiva -PDI-, e proxector, porén a gran maioría deste equipamento atópase obsoleto.

Ademais temos unha aula de informática con ordenador para cada alumno, PDI e proxector. As aulas de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe están dotadas igualmente que o resto das aulas ordinarias, polo que os elementos de apoio á inclusión contan con dotación de equipamento dixital.

A biblioteca escolar, conta con equipamento propio para a xestión da mesma e varios postos con ordenadores para uso por parte dos alumnos e as alumnas. Ademais a biblioteca conta cunha radio escolar.

A sala de profesorado dispón de varios ordenadores para o uso por parte dos docentes, conectados en rede coa impresora do centro.

Os alumnos de 4º de primaria dispoñen de 25 equipos ultraportátiles con carro de carga.

Dentro da materia de *libre configuración* de Centro, en 4º de primaria impártese “*Robótica*”, e atendendo á autonomía pedagóxica do centro no curso de 5º de Primaria impártese “*Programación e Impresión 3D*” dentro da área de matemáticas.

O centro educativo é un centro Abalar dende o ano 2011, e no curso 20/21, acollémonos ao programa Edixgal, polo que os cursos de 5º e 6º de primaria, carecen de libros de texto físicos, o material está nun Entorno Virtual de Aprendizaxe e os alumnos e alumnas contan con ordenadores ultraportátiles de uso persoal.

Polo que respecta aos *servizos dixitais educativos*, o centro conta con páxina web, correo electrónico, e emprégase para ás comunicacións coas familias o espazo Abalar.

O Centro participa desenvolvendo proxectos corporativos como Edixgal, implementación do plan E-ELBE (préstamo de libros dixitais), o programa das bibliotecas escolares PLAMBE, implementado este curso 21/22 co plan LIA.3 e co programa de radio na escola dende o curso 20/21.

A Aula Virtual do centro está plenamente disposta para poder ser empregada por calquer docente con destino no centro e calquera alumno/a matriculado no Centro.

Para a xestión do mantemento do equipamento cóntase con axuda externa a través da contratación por parte do centro dunha empresa encargada do mantemento dos equipos informáticos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resultados Autoavaliación SELFIE. Resultado do resumo por áreas.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	4.1
	Alumnado	3.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	4.4
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4.2
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.8

Resultados do Test da Competencia Dixital Docente

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	26	46.2 %
PROVISIONAL	1	5	20 %
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	2	5	40 %
DESPRAZADO	1	1	100 %

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83.3	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	85.5	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	89.6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	6.3 %
Explorador (A2)	5	31.3 %
Integrador (B1)	6	37.5 %
Experto (B2)	1	6.3 %
Líder (C1)	3	18.8 %
(C2)	0	0
Total	16	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Recursos/infraestructura TIC suficiente en tódalas aulas do centro	Contamos con moito equipamento dixital obsoleto. O servizo de mantemento debe acudir ao centro máis a miúdo.
	PERSOAL DOCENTE	Profesorado comprometido. Alta competencia dixital de algún profesorado impartindo Robótica e Impresión 3D	Existe diferenzas notables entre os docentes na competencia dixital docente.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Gran motivación do alumnado polas ferramentas dixitais.	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Os docentes non teñen tempo en horario lectivo para buscar e preparar contidos así como ferramentas dixitais. Debido ao número de proxectos non é posible reunirse e consensuar propostas tanto como se precisa.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Mensaxería da aula virtual/ edixgal O mantemento de Edixgal interfere na aula.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Alumnado con recursos TIC nos seus domicilios. Alumnado con conexión a internet na casa. Implicación das familias na educación dos seus fillos Poucos alumnos con necesidades económicas.	A novidades tecnolóxicas prodúcense demasiado rápido e polo xeral os docentes non somos capaces de interiorizalas.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Trala recollida de información a través do Selfie e o Test de Competencia Dixital do Profesorado, analizámola para elaborar un Dafo. A partires das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades plantexamos 15 obxectivos e 53 accións para mellorar a competencia dixital do noso centro educativo.

A cada obxectivo correspóndelle unha táboa onde se especifica as accións que se van levar a cabo para tratar de acadalos e que grao se pretende acadar de cada un deles, así como a súa temporalización e o responsable de cada acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

1. Fomentar o cambio metodolóxico coa axuda da dixitalización
2. Guiar aos docentes de nova incorporación ao centro no uso das ferramentas virtuais de uso no centro así como espazos .
3. Incentivar o desenvolvemento do Ecosistema Dixital Galego.
4. Elaborar una estratexia de comunicación de Centro.
5. Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.
6. Creación espazo LIA .3 e Polos Creativos.
7. Mantemento dos espazos virtuais “Aula Virtual”.
8. Manter das liñas de formación dentro do PFP, formación en Centros: Liña TIC, sobre ferramentas e recursos dixitais e Liña “Creación de proxectos STEAM”.
9. Fomentar o uso dos libros dixitais das editoriais e a Aula Virtual nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria e Ed. Infantil.
10. Aumentar o uso dos REA na docencia introducíndoos na Aula Virtual do Centro.
11. Creación de proxectos educativos dentro do ámbito STEAM.
12. Implementación do plan E-ELBE. Préstamo de libros dixitais.
13. Fomentar a Radio “Os Rosais”.
14. Emprego de formatos dixitais a través da Aula Virtual ou Edixgal para levar a cabo da cualificación do alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria.
15. Documentar a aprendizaxe do alumnado a través de ferramentas dixitais.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Por obsolescencia tecnolóxica entendemos o fin ou a redución da vida útil ou a caída en desuso dos equipos informáticos e dispositivos dixitais (PDI, Tablet...) dun centro educativo por un funcionamento insuficiente dos mesmos en comparanza os novos equipos informáticos e dispositivos dixitais que hai no mercado.

O equipamento dixital de aula que precisa ser renovado debido á antigüidade ou desuso dos equipos informáticos de aula e das PDI -todas máis de 10 anos- coa finalidade de impartir docencia empregando dispositivos dixitais:

Educación Infantil:

Seis unidades - Pantalla Dixital Interactiva e renovación do equipo informático da aula.

Educación Primaria:

1º Dúas unidades - Pantalla Dixital Interactiva e renovación do equipo informático da aula.

2º Dúas unidades - Pantalla Dixital Interactiva e renovación do equipo informático da aula.

3º Dúas unidades - Pantalla Dixital Interactiva e renovación do equipo informático da aula.

4º Dúas unidades - Pantalla Dixital Interactiva e renovación do equipo informático da aula.

Edixgal :

5ºA Pantalla Dixital Interactiva.

5º B Pantalla Dixital Interactiva.

6ºA Renovación de equipo informático da aula e Pantalla Dixital Interactiva.

6ºB Renovación de equipo informático da aula e Pantalla Dixital Interactiva.

Dúas aulas para os especialistas de Música e Plástica: Renovación de equipo informático da aula e Pantalla Dixital Interactiva.

Unha aula para materia de Relixión: Renovación de equipo informático da aula e Pantalla Dixital Interactiva.

Renovación dos equipos informáticos da sala do Profesorado coa finalidade de que os docentes dispoñan de equipos informáticos suficientes para preparar as súas aulas realizar as funcións que teñen encomendadas.

25 ordenadores ultraportátiles con carro de carga para a creación da “Aula Itinerante”.

Impresora multifunción –color, coa finalidade de dar servizo de reprografía ao administración do centro.

Cámara de fotos e vídeo para uso de centro coa finalidade de poder gravar e fotografar os eventos que se realizan no centro educativo.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pácticas de Liderado e gobernanza (A).						
1. OBXECTIVO (1):	Fomentar o cambio metodolóxico coa axuda da dixitalización				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que participa en actividades de innovación					
Valor de partida (3)	O 50 % do profesorado participa en algunha liña do PFPP					
Valor previsto e data (4)	Acadar o 75%			Curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO1.1: Creación do espazo LIA.3	Directora	31/12/2022	LIA .3		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud “Polos Creativos”.	Directora	31/12/2022	Administrativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: PFPP con liña de formación TIC e STEAM.	Directora	31/05/2023	Administrativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Solicitud Programa “DigiCraft en tu cole”.	Directora	31/05/2023	Administrativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Prácticas de Liderado e gobernanza (A).						
2. OBXECTIVO (1):	Guiar aos docentes de nova incorporación ao centro no uso das ferramentas virtuais de uso no centro así como espazos .				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de docentes de nova incorporación, substitutos e interinos que reciben a información oportuna e son dados de alta na A.V..					
Valor de partida (3)	O 30% recibe as indicacións oportunas e é dado de alta na Aula Virtual.					
Valor previsto e data (4)	O 90 % do profesorado de nova incorporación ao centro			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Informar aos docentes de nova incorporación dos espazos físicos e virtuais que empregamos no noso centro.	Coordinador TIC	30/9/2022	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Dar de alta aos novos docentes na Aula Virtual e guialos de ser preciso no uso tanto do Edixgal como da Aula Virtual.	Coordinador TIC	30/9/2022	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Realizar ao comezo de curso unha sesión formativa para todo o profesorado sobre as novidades tecnolóxicas.	Coordinador TIC	7/09/2022	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Prácticas de Liderado e gobernanza (A).						
3. OBXECTIVO (1):	Incentivar o desenvolvemento do Ecosistema Dixital Galego				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de REA creados					
Valor de partida (3)	Un REA.					
Valor previsto e data (4)	Cinco REA.			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Fomentar a creación de REA en lingua galega.	Equipo Normalización Lingüística	30/6/2023	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Emprego dos REA para atender a diversidade.	Departamento de Orientación	30/6/2023	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Creación de Banco de Recursos propio	Titores	30/6/2023	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Colaboración e traballo en rede (B)						
4. OBXECTIVO (1):	Elaborar una estratexia de comunicación de Centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O centro conta cunha estratexia de Comunicación (SI/NON)					
Valor de partida (3)	O centro Non ten estratexia comunicación.					
Valor previsto e data (4)	O centro ten estratexia comunicación.			31/12/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear unha comisión no seo da CCP para elaborar unha Estratexia de Comunicación.	Comisión CCP	30/12/2022	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formar ao profesorado a través do PFPP en aspectos relacionados co Abalar, Abalar PRO e Redes Sociais.	Coordinador Formación en Centro	30/05/2023	PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Rediseñar e actualizar a Páxina WEB do Centro.	Equipo Directivo	30/06/2023	Persoal docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Colaboración e traballo en rede (B)						
5. OBXECTIVO (1):	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo actividades Extraescolares				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de colaboracións con outras entidades					
Valor de partida (3)	3 colaboracións					
Valor previsto e data (4)	4 colaboracións			31/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Xornadas de Dixitalización Interxenaracional Centro “A Farixa” (Robot e radio).	Titores	30/6/2023	Recursos propios e do centro Interxenaracional: Ordenadores, internet, monitores...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Transmisións de información a través da Apps da Anpa “Os Rosais”.	Directora	30/6/2023	Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Aula Hospitalaria Vídeo para ”Día do neno Hospitalizado”.	Actividades extraescolares	30/6/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Colaborar con cantas entidades sexa posible para realizar diferentes actividades STEAM (Galiciencia,)	Actividades extraescolares	30/6/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Infraestrutura (C)						
6. OBXECTIVO (1):	Creación espazo LIA .3 e Polos Creativos				Acadado	
RESPONSABLE:	Directora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O Centro conta cun espazo LIA.3 en funcionamento					
Valor de partida (3)	O espazo LIA.3 NON está en funcionamento					
Valor previsto e data (4)	O espazo LIA.3 está en funcionamento			30/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1 Contratación de reforma da aula. LIA .3	Directora	31/12/2022	Partida orzamentaria Lia.3		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Compra de material mobiliario. LIA .3	Directora	31/12/2022	Partida orzamentaria Lia.3		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Adquisición do Kit-ferramentas para LIA .3	Directora	31/12/2022	Partida orzamentaria Lia.3		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4 Solicitud material Polos Creativos.	Directora	30/09/2022	Recursos propios: Ordenador, internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Infraestrutura (C)						
7. OBXECTIVO (1):	Mantemento dos espazos virtuais “Aula Virtual”				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de usuarios que están operativos e activos na AV.					
Valor de partida (3)	95% dos potenciais usuarios están actualizados					
Valor previsto e data (4)	99% dos potenciais usuarios están actualizados			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Matriculación e baixa de usuarios	Coordinador TIC	30/06/2023 Ao longo de todo o curso	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Eliminación de cursos que non están operativos	Coordinador TIC	30/09/2022	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Categorización dos cursos	Coordinador TIC	30/09/2022	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional (D)						
8. OBXECTIVO (1):	Manter das liñas de formación dentro do PFP, formación en Centros: Liña Tic, sobre ferramentas e recursos dixitais e Liña “Creación de proxectos STEAM”.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable formación en centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de cursos ou seminarios realizados no Centro.					
Valor de partida (3)	3 formacións					
Valor previsto e data (4)	4 formacións			31/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO8.1: Manter a liña TIC, dentro da formación en Centros.	Responsable formación en centro.	31/05/2023	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Manter a liña Creación de proxectos STEAM, dentro da formación en Centros.	Responsable formación en centro.	31/05/2023	CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Formación sobre Radio Escolar “Ponte nas ondas”.	Responsable formación en centro.	31/05/2023	Recursos propios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.4: Formación LIA.3 e outros programas educativos.	Responsable formación en centro.	31/05/2023	Recursos propios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)						
9. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso dos libros dixitais das editoriais e a Aula Virtual nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria e ed. Infantil.				Acadado	
RESPONSABLE:	Titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de titores que empregan o libro dixital e a Aula Virtual(Memoria curso).					
Valor de partida (3)	50% dos docentes usan o libro dixital e a Aula Virtual.					
Valor previsto e data (4)	75% dos docentes usan o libro dixital e a Aula Virtual.			30/10/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO9.1: Ensinar ao alumando a acceder ao libro dixital	Titores	30/10/2022	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Empregar o libro dixital na aula	Titores	30/10/2022	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Ensinar ao alumando a acceder a Aula Virtual.	Titores	30/10/2022	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoio e Recursos (E)						
10. OBXECTIVO (1):	Aumentar o uso dos REA na docencia introducindoos na Aula Virtual do Centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de REA empregados por curso. (memoria)					
Valor de partida (3)	Un REA por Curso					
Valor previsto e data (4)	Cinco REA por Curso.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO10.1: Acceder a repositorios de REA	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2: Crear e modificar REA	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.3: Emprego dos REA para atender a diversidade.	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
11. OBXECTIVO (1):	Creación de proxectos educativos dentro do ámbito STEAM				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de proxectos que se desenvolven en cada curso					
Valor de partida (3)	Cero ou un proxecto en cada aula.					
Valor previsto e data (4)	Dous proxectos en cada aula.			31/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO11.1: Integrar a ROBÓTICA en Infantil e Primaria	Titores	31/06/2023	Recursos propios: profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Manter impresión 3D en Primaria	Titores	31/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.3: Realidade Aumentada en educación Infantil e Primaria.	Titores	31/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.4: Circuitos eléctricos, e-textiles e plastilina condutiva Infantil e primaria.	Titores	31/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía : implementación na aula (F).						
12. OBXECTIVO (1):	Implementación do plan E-ELBE. Préstamo de libros dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de alumnado que emprega algunha vez o préstamo dixital					
Valor de partida (3)	0% do alumnado					
Valor previsto e data (4)	30% do alumnado accede algunha vez.			curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO12.1: Reparto de credenciais aos alumnos de 4º, 5º e 6º	Equipo Biblioteca	30/09/2022	Recursos propios: profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.2: Unha sesión para ensinarlle ao alumnado o procedemento para acceder ao E-ELBE.	Equipo Biblioteca	30/09/2023	Recursos propios: profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.3: Préstamo de EBOOK e préstamo dixital.	Equipo Biblioteca	31/06/2023	Recursos propios: profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Implementación na Aula (F)						
13. OBXECTIVO (1):	Fomentar a Radio “Os Rosais”.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de Podcast creados (memorias de aula).					
Valor de partida (3)	20 Podcast					
Valor previsto e data (4)	40 Podcast			31/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO13.1: Formación a cargo “Ponte nas ondas”, sobre o funcionamento da radio.	Directora	31/06/2023	Partida económica propia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO13.2: Gravacións de Podcast de diversa temática; relatos, poemas, anuncios, coplas dos maios...	Titor	31/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, radio escolar, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO13.3: Gravacións de entrevistas a persoeiros que visitan o noso centro educativo.	Titor	31/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, radio escolar, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Prácticas de Avaliación (G)						
14. OBXECTIVO (1):	Emprego de formatos dixitais a través da Aula Virtual ou Edixgal para levar a cabo da cualificación do alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de docentes que empregan un formato dixital para avaliar (memorias de curso)					
Valor de partida (3)	Catro docentes					
Valor previsto e data (4)	Oito docentes.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO14.1: Emprego de cuestionarios de avaliación de Moodle	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO14.2: Emprego de Obradoiros de Coavaliación de Moodle ou avaliación entre iguais.	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO14.3: fomentar no profesorado o uso de ferramentas de analítica de aprendizaxe no Eva Edixgal.	Coordinador TIC	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Prácticas de Avaliación (G)						
15. OBXECTIVO (1):	Documentar o aprendizaxe do alumnado a través de ferramentas dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de docentes que empregan un formato dixital para documentar o aprendizaxe do alumnado (memorias de curso).					
Valor de partida (3)	Cero docentes					
Valor previsto e data (4)	Catro docentes			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO15.1: Emprego de diarios de aprendizaxe.	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO15.2: Uso de NOTAS no perfil do estudante.	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO15.3: Creación de portfolios dixitais.	Titores	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet, profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Competencias Dixitais do alumnado (H)						
16. OBXECTIVO (1):	Formar ao alumnado no uso de Internet Seguro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de alumnos formados no uso de Internet Seguro (memoria).					
Valor de partida (3)	50 alumnos					
Valor previsto e data (4)	100 Alumnos			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO16.1: Participación no programa “Navega con Rumbo”.	Coordinador TIC	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet,profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO16.2:Participación no programa de Ciberseguridade de Conectatic	Coordinador TIC	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet,profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO16.3: Cibergal. Incibe	Coordinador TIC	30/06/2023	Recursos propios: Ordenadores, internet,profesorado...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (3):					Acadado	
RESPONSABLE:					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)						
Valor de partida (3)						
Valor previsto e data (4)						
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Unha vez ao trimestre realizarase unha pequena valoración das accións levadas a cabo, tendo en conta os resultados destas para posibles modificacións e propostas de mellora.

E ao final de cada curso académico, e unha vez que se consoliden as actuacións implementadas, volverase a avaliar globalmente a competencia dixital do centro, empregando a ferramenta Selfie.

Alén diso, propoñerase realizar aos docentes de forma anual un test de Competencia Dixital Docente baseado no Marco Común Europeo das Competencias Dixitais Docentes (DigCompEdu), do que sacará un informe que axudará a tirar conclusións para concretar o Plan de Formación en centro, dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Ademais baseándose nos indicadores dos obxectivos de cada área, do Marco Común Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), elaborárase un plan de mellora para o seguinte curso escolar.

Esta cadencia anual, dará pé á revisión e actualización do devandito Plan Dixital de Centro, entendido como un Plan de Mellora do Centro educativo.

5. Difusión do plan

Coa finalidade de dar a coñecer o Plan Dixital de Centro, expoñerase nunha xuntanza de claustro, convocada para tal fin e posteriormente elevarase ao Consello Escolar para ser aprobado.

De ser aprobado daráselle difusión para toda a comunidade educativa a través da Páxina Web do Centro e estará na Aula Virtual no espazo documentos de Centro, para a súa consulta por calquera membro da comunidade educativa.

